

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

EXAME*

UNIDADE 10

NOME	APELIDOS	CURSO
------	----------	-------

O EXAME CONSTARÁ DE **TRES PREGUNTAS** DE DIVIDIDAS EN **DÚAS PARTES**. NA PARTE QUE A VOSTEDE LLE CORRESPONDE REALIZAR NO DÍA DE HOXE INCLÚESE A **PARTE PRÁCTICA, CUNHA PREGUNTA**, QUE PUNTUARÁ **ATA CINCO PUNTOS EN TOTAL**. NO DÍA DE MAÑÁ DEBE REALIZAR A **PARTE TEÓRICA, CON DÚAS PREGUNTAS**, QUE PUNTUARÁN **ATA CINCO PUNTOS EN TOTAL**.

PARTE PRÁCTICA

PREGUNTA 1. Realice un comentario do seguinte bloque de documentos históricos seguindo os pasos e pautas de comentario que aparecen a continuación (ESTENSIÓN APROXIMADA: 40-50 LIÑAS OU 400-500 PALABRAS) (puntuación máxima de **5 puntos**):

ORIENTACIÓNS: *A partir dos dous documentos que seguen debes elaborar un comentario sobre a Alemaña nazi. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: a instauración e o desenvolvemento da República de Weimar, o crecemento do apoio social electoral e o ascenso ao poder do nazismo (DOCUMENTO 17), a creación dun réxime totalitario, a utilización da propaganda e do adoutramento da poboación para difundir os principios e a ideoloxía do nazismo (DOCUMENTO 22) e o desenvolvemento da política racista e antisemita do nazismo e a aplicación dunha política económica intervencionista, coa aposta pola autarquía e pola rearmamento e pola ampliación do espazo vital, que conduciron ao incremento das tensións políticas internacionais e á Segunda Guerra Mundial. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar un comentario coherente e argumentado, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Pasos a seguir para o comentario con dous documentos históricos

1. PASO 1: **INTRODUCCIÓN** (explicación xeral e definición da Alemaña nazi)
2. PASO 2: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO PREVIO** (instauración e desenvolvemento da República de Weimar, facendo referencia aos acontecementos que tiveron lugar nese período, como a revolta espartaquista, a celebración de eleccións, á aprobación dunha Constitución, a formación dun Goberno de coalición e aos problemas aos que se enfrontou, o nacemento do movemento nazi, a creación do Partido Nacionalsocialista dos Traballadores Alemáns (NSDAP), o putsch de Múnic, a elaboración do libro *A miña loita (Mein Kampf)*, a reformulación da estratexia do Partido Nazi, a situación económica de Alemaña nos anos vinte e tras a crise de 1929 e a incapacidade do Goberno da República de Weimar para facer fronte á crise)
3. PASO 3: **COMENTARIO DO PRIMEIRO DOCUMENTO** (crecemento do apoio social e electoral e ascenso ao poder do nazismo (DOCUMENTO 17))

DOCUMENTO 17. A revolución legal

Doc. 17 A «revolución legal».

Entramos no Reichstag para aprovisionarnos de armas no mesmo arsenal da democracia. Presentámonos a deputados para paralizar a democracia de Weimar coa súa propia axuda. Se a democracia é tan estúpida que nos concede axudas de custo e viaxes pagadas para o noso labor carnicero, alá ela [...]. Se nestas eleccións logramos introducir sesenta ou setenta axitadores do noso partido nos distintos Parlamentos, o Estado mesmo montará e financiará o noso propio equipo de combate [...]. Tamén Mussolini entrou no Parlamento, pese ao cal non tardou moito en desfilar cos seus camisas negras por Roma [...]. Non hai que crer que o parlamentarismo é a nosa meta [...]. Vimos como inimigos! Vimos cal lobo que ataca o rabaño [...].

JOSEPH GOEBBELS, *Der Angriff*, 30 de abril de 1928

Pautas a seguir para o comentario do texto histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza do texto
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-circunstancial, histórico-testemuñal, histórico-literario...)
 - En función do seu contido (xurídico, político, económico, filosófico, xeográfico...)
- Época na que foi escrito
- Lugar no que foi escrito
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO EN RELACIÓN CO CONTEXTO HISTÓRICO

- Explicación do tema ou temas que trata o texto, **sempre en relación e facendo referencia ao contido dos documentos**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas nas que se elaborou o texto
 - Explicación a información que contén e dos datos que nos achega sobre o acontecemento e a época, utilizando “*entre aspas*” algunha ou algunhas citas textuais
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir


d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)
- Breve mención das repercusións históricas do feito tratado no texto

4. PASO 4: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO INTERMEDIO** (creación dun réxime totalitario, implantando unha serie de medidas para aumentar o poder do Partido Nazi e para acabar coa oposición tanto dentro como fóra do movemento nazi e utilización da violencia e do terror)

5. PASO 5: **COMENTARIO DO SEGUNDO DOCUMENTO** (utilización da propaganda e do adoutramento da poboación para difundir os principios e a ideoloxía do nazismo (DOCUMENTO 22)).

DOCUMENTO 22. Cartel das Xuventudes Hitlerianas



Doc. 22 Cartel das Xuventudes Hitlerianas.

Pautas a seguir para o comentario da imaxe histórica

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza da imaxe
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (fotografía, pintura, gravado, cartel, debuxo, caricatura, portada de prensa, anuncio...)
 - En función do seu contido (político, militar, económico, social, cultural...)
- Época na que foi realizada
- Lugar no que foi realizada
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO EN RELACIÓN CO CONTEXTO HISTÓRICO

- Explicación do tema ou temas que trata a imaxe, **sempre en relación e facendo referencia ao contido dos documentos**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas nas que se obtivo ou elaborou a imaxe
 - Análise dos elementos da imaxe que nos achegan información sobre o acontecemento e a época
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica da imaxe como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)
- Breve mención das repercusións históricas do feito tratado na imaxe

6. *PASO 6: EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO FINAL (desenvolvemento da política racista e antisemita do nazismo e aplicación dunha política económica intervencionista, coa aposta pola autarquía e polo rearmamento e pola ampliación do espazo vital, que conduciron ao incremento das tensións políticas internacionais e á Segunda Guerra Mundial)*